

Informe sobre a “Viabilidade do sector editorial en lingua galega tras a introdución da modalidade de gratuidade do libro de texto mediante o sistema de préstamo”

O sector de libro advirte do risco de afundimento da industria editorial en lingua galega

- *A venda media anual do sector editorial galego reduciuse nun 51 % en cada nivel do ensino no que se implanta o modelo de préstamo*
- *Só o 15,8 % dos libros editados en Galicia no 2006 o será en galego, fronte ao 94,6 % no ano 2000*
- *A media anual de tiradas reduciuse nun 38,5 % e sitúase no límite da súa rendibilidade comercial*
- *Só o 50% dos centros de secundaria imparten as materias que por lei deberían ensinársese en galego*
- *Só 1 de cada 3 centros educativos dispón de materiais didácticos adecuados en galego*
- *As axudas administrativas ao libro de texto e material didáctico caeron case que un 20 % nos últimos anos*
- *O galego é a lingua oficial española na que menos material educativo se edita*
- *Editores, libreiros e distribuidores apoian un modelo de gratuidade baseado en axudas directas ás familias*

O sistema de pseudogratiuidade dos libros de texto, instaurado polo Goberno de Galicia desde o ano 2003, conduce o sector editorial en lingua galega a unha das situacións máis delicadas da súa curta historia, segundo as conclusións do informe presentado hoxe en Santiago pola Asociación Galega de Editores (AGE) e a Asociación Nacional de Editores de Libro e Material de Enseñanza (ANELE).

O estudo, “*Viabilidade do sector editorial en lingua galega tras a introdución da modalidade de gratuidade do libro de texto mediante o sistema de préstamo*”, advirte do risco dunha situación de afundimento total da industria editorial debido ás peculiaridades en que se atopa a lingua galega, que parte dunha situación de base moi delicada motivada pola precariedade e marxinalidade do uso do idioma no ensino obrigatorio e a adopción do modelo de préstamo.

Libreiros, editores e distribuidores non se opoñen de ningún modo á gratuidade dos manuais de texto, pero avogan por un modelo moderno e eficaz desde o punto de vista pedagóxico, economicamente viable e socialmente xusto, é dicir, defenden un modelo de gratuidade de axudas directas á familia que substitúa o sistema de préstamo.

O modelo de préstamo de libros usados, actualmente vixente en Galicia, pon en perigo a viabilidade e o desenvolvemento da industria editorial en lingua galega, xa que este se revelou como un modelo obsoleto, pedagoxicamente inadecuado, pois non lle permite ao alumno utilizar o libro de texto como principal ferramenta de aprendizaxe. Este modelo resultará, pois, economicamente custoso, xa que acabou desviando, onde se aplicou, unha importante partida dos recursos destinados aos libros a gastos derivados do seu almacenamento, custodia e xestión de préstamo.

Peculiaridades do mercado editorial galego

O informe, elaborado pola Unidade de Psicoloxía do Consumidor e Usuario da Universidade de Santiago de Compostela (USC PSICOM), sinala que o sistema de préstamo está resultando desastroso para o sector editorial galego. O mercado editorial en galego ofrece unha serie de peculiaridades e aspectos característicos que o fan especialmente sensible a medidas desestabilizadoras como o modelo actualmente vixente.

Entre elas, o estudo destaca o número de alumnos matriculados. Comparado co resto do Estado, Galicia conta cun número reducido de alumnos matriculados no ensino obrigatorio. A esta realidade de partida súmase o feito de que, nos últimos anos, o descenso de alumnado en Galicia é tamén máis acusado que no conxunto do Estado español.

Outra destas peculiaridades é a escasa extensión do galego nas materias que se imparten no ensino obrigatorio. En diversos estudos previos constatouse que nin siquiera se ensinan en galego as materias que son obrigatorias por lei. E o informe de Psicom



descobre tamén que a castelanización do ensino galego está a agudizarse nos últimos anos, tras a implantación do sistema de gratuidade.

Na actualidade, só a metade dos centros de secundaria imparten en galego as materias que por lei deberían ensinársese nesta lingua, pasándose dun ensino en galego a un ensino do galego.

A estes datos hai que lles engadir a crecente dificultade que percibe o propio profesorado para a promoción do galego na escola infantil e primaria ante a escaseza de materiais didácticos: 1 de cada 3 centros educativos carecen de suficientes materiais educativos en galego.

Este desalentador panorama complétase coa progresiva perda das axudas das Administracións Públicas que o sector editorial de libros de texto en galego está sufrindo nos últimos anos. A evolución dos presupostos totais adicados a impulsar a creación, tradución e adaptación de libros e materiais complementarios nos últimos 10 anos experimentou unha diminución do 18,3% en euros correntes.

Como consecuencia de todo o exposto, o galego é a lingua oficial española na que menos material educativo se edita, non só en termos absolutos, senón tamén en termos relativos. Como dato cabe sinalar, por exemplo, que, paradoxalmente, se editan máis libros de texto en euskera malia que o País Vasco conta cunha poboación escolar menor que Galicia.

Todos estes aspectos configuran un mercado pouco atractivo para as editoriais e moi sensible a calquera pequena variación no seu volume de vendas.

Consecuencias económicas da implantación do sistema de préstamo

O sector editorial en galego rexistrou unha fortísima e progresiva caída nas vendas de libros de texto desde que se instaurou o sistema de préstamo no 2003. Nese primeiro ano de aplicación, as vendas do sector reducíronse nun 18 %, chegando no último bienio do ciclo a valores inferiores ao 10%.

Os resultados reais no 2006, -ano tipo para analizar as repercusións do modelo de préstamo en primaria a longo prazo- amosan que se venderon un 36% menos libros que no 2001. Se se dividen as vendas entre os catro anos que dura un ciclo completo, obsérvase que dunhas vendas totais de 100 unidades/ano na etapa anterior á aplicación do modelo de préstamo -considerando só ese 71% dos alumnos que compran libros-



pásase co novo sistema a unhas vendas de 49 unidades/ano, o que supón un descenso do 51%; iso é, a venda media anual do sector editorial galego redúcese en máis da metade en cada nivel do ensino no que se implanta o sistema de préstamo.

Esta situación obriga ás editoriais galegas a publicar cada vez máis en castelán para intentar a súa supervivencia económica, vendendo exemplares noutras comunidades do Estado español. Dáse a singularidade de que mentres que os libros de texto editados en Galicia son cada vez máis, os que se editan aquí pero en galego son cada vez menos.

A diferenza entre os valores do 2000 (o 94,6 % dos títulos das editoriais integradas na AGE foron en galego) e a predición para 2006 (só o 15,8% se fará en galego) é un claro expoñente da tendencia sinalada.

Outra consecuencia do clima de inseguridade e incerteza que vive o sector é que as tiradas son cada vez máis pequenas e máis espaciadas no tempo. Unha tirada media acadaba uns 4.000 exemplares -mesmo no ano 2004 xa implantado o modelo de préstamo- mentres que a previsión para o 2006 sitúase nuns 2.461 exemplares, o que supón un descenso do 38,5%. As cifras aproxímanse ao límite da rendibilidade comercial.

O informe advirte tamén dun perigo real de desaparición das editoriais máis pequenas do sector, aínda independentes, e que non foron compradas polos grandes grupos editoriais. Estas son con diferenza, as que menos editan no noso país e as que menos posibilidades teñen de adaptarse a un mercado cada vez máis pequeno e agresivo.

Ante esta situación editores, distribuidores e libreiros manifestan que:

“A palabra escrita tivo sempre un papel fundamental na cultura e na identidade galegas. Se hai tempo estivo ameazada desde fóra; hoxe as ameazas veñen desde dentro, de decisións políticas desafortunadas e da deixadez que nós mesmos temos polos nosos sinais de identidade.

O idioma galego non pode permitirse o luxo de perder o seu exíguo sector editorial de libros de texto e que o desenvolvemento lingüístico das futuras xeracións quede reducido, como en tempos pasados, á tradición oral.

O noso país dispón das ferramentas políticas e do potencial económico suficiente como para crear un clima moito máis favorable á edición en galego, que contribúa ao florecemento das pequenas editoriais, esas que enriquecen o panorama editorial e o enchen de matices e contribúen a nosa riqueza cultural.

O sector do libro de texto avoga pola substitución urxente do sistema actual de gratuidade mediante o préstamo por un modelo de gratuidade mediante axudas directas á familia.

Só se require vontade política.”